



POLA CONVIVENCIA DOS IDIOMAS NO ENSINO

Analizadas as bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia desde **ANPE**, dentro de nosa coherencia, esforzaremos por lograr na súa tramitación un verdadeiro compromiso para que se impulse o plurilingüismo nas aulas e que ao remate do ensino obrigatorio, o alumnado galego teña plena competencia nas dúas linguas cooficiais e ademais nunha lingua estranxeira, sendo tamén recomendable a iniciación e o progreso nunha segunda lingua comunitaria que nos permita abrir as portas da libre circulación, en igualdade de condicións, co resto dos alumnos da Comunidade Económica Europea.

ANPE quere manifestar que defende o uso da lingua galega e o dereito a expresarnos nela en igualdade de condicións co castelán. Vivimos nunha comunidade bilingüe con dous idiomas oficiais, na que ao concluír os estudos o alumnado debe ter competencias lingüísticas completas en cada un deles.

ANPE, desde a súa independencia, escapará de falsos debates que enfronten ao profesorado galego e á propia sociedade e demanda da Administración Educativa a incorporación de múltiples propostas na liña de mellorar as citadas bases entre as que destacamos:

- A Administración non pode eludir a súa responsabilidade e debe determinar a lingua na que se impartirán as materias de matemáticas e coñecemento do medio ou ciencias sociais. Non pode deixalo ó arbitrio de pais ou centros para así evitar a falla de continuidade entre as etapas educativas e a diferenciación entre centros. Isto non supón nin flexibilidade nin autonomía de centro.
- O alumno deberá empregar o idioma (galego ou castelán) no que se imparta e estudie a materia correspondente.
- No tema da aprendizaxe de materias en lingua estranxeira, non está preparado nin o profesorado nin o alumnado. Hai que ter presente que si non se corríxen certas deficiencias aumentará o fracaso escolar. Para mellorar a



competencia lingüística non chega con impartir materias no idioma estranxeiro, senón que se fan necesarios desdobramentos para reforzo oral, redución de rateos, lectorado en todos os centros educativos...

- Para poder levar **REALMENTE** a cabo a porcentaxe prevista en lingua estranxeira necesítase **FINANCIACIÓN E FORMACIÓN** para alumnado e profesorado, así como flexibilidade e tempo para conseguilo.
- O Claustro é o **ÚNICO** órgano con capacidade decisoria no currículo. Os pais poden ser consultados pero non deberían entrar a decidir sobre o uso dos idiomas porque debería quedar estipulado por lei, xa que a educación constitúe unha actividade regulada que non debería estar condicionada a decisións particulares.
- Equipos de dinamización lingüística formados exclusivamente por profesorado.
- **ANPE** rexeita a total burocratización dos centros e solicita a presenza de administrativos en toda a rede educativa galega.

Santiago, 18 de xaneiro de 2010.